# FERTILIZACIÓN INICIAL PARA PLANTACIÓNS DE PIÑEIRO MELLORADO DENTRO DUNHA SILVICULTURA A MEDIDA: AVALIACIÓN DAS DOSES DE APLICACIÓN E APROXIMACIÓN Á SÚA RENDIBILIDADE (AC2021L-3)

- O nitróxeno non é un nutriente necesario no crecemento destes piñeiros nas súas primeiras etapas de desenvolvemento.

- O fósforo si que ten un efecto positivo, sempre e cando no se abuse do seu uso, xa que non hai diferenzas entre os tratamentos que levan 20, 40 ou 60 g deste nutriente.

- O potasio, observamos que para o piñeiro do país non ten un efecto significativo no seu crecemento, aínda que podería ter un efecto positivo na súa supervivencia. Para o piñeiro insigne, o potasio si que presenta un efecto positivo tanto no crecemento como na supervivencia.

- Aconséllase que, para o piñeiro do país, se apliquen unhas doses de fertilizante con contido en fósforo de 20 g, non sendo necesario achegar potasio e preferiblemente sen nitróxeno.

- Para o piñeiro insigne recoméndase un fertilizante con 20 g de fósforo, 20 g de potasio e preferiblemente sen nitróxeno.

- O beneficio da fertilización está moi influenciado polos prezos da madeira e a taxa de desconto.

- En todos os itinerarios silvícolas estudados, é mais rendible facer unha fertilización de inicio que non fertilizar.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA



# Selvicultura de piñeiro galego

## Primeiros pasos para un bo investimento

## 1 Asegúrate de que o sitio de plantación é o adecuado

**Verde escuro**
zona máis produtiva

**Verde claro**
zona menos produtiva

- Bo chan
- Altitude < 700 m
- Clima suave
- Pendente < 35%



## 2 Planifica o momento de plantación

Planta no **outono** ou **primavera**, nun día nubrado, húmido e sen vento (en piñeirais recentemente tallados pode ser recomendable esperar antes de replantar, ben por motivos sanitarios ou por posibilidade de rexeneración natural).



## 3 Utiliza piñeiros locais de calidade

No viveiro forestal próximo ao teu terreo, elixe piñeiros con **etiqueta rosa** ou **azul** xa que garanten boa calidade xenética.



## 4 Prepara o chan

- Roza se o terreo presenta vexetación arbustiva.
- Realiza un subsolado lineal.



## 5 Aplica unha densidade de plantación

de 1000–1250 pés/ha.



## 6 Abona no momento da plantación

Aplica unha dose adecuada dun fertilizante de liberación lenta, rico en fósforo. O nitróxeno non é un nutriente necesario nas primeiras etapas de desenvolvemento deste piñeiro.



## 7 Controla a vexetación arbustiva

durante os primeiros anos.

Organiza

LOURIZÁN

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

UNIÓN EUROPEA